



CIRCULAR INFORMATIVA 14/2024

NOVAS APLICACIÓNS DO ICA SANTIAGO

1. EXPEDIENTES DE NACIONALIDADE

Dende o 26 de setembro está en funcionamento e á disposición de todos os Colexiados e Colexiadas un novo servizo telemático denominado “**Expedientes de nacionalidade**”.

Esta nova ferramenta electrónica permite a tramitación das solicitudes de **nacionalidade por residencia** de maneira telemática e a remisión dos expedientes á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, a través da infraestrutura tecnolóxica do Ministerio de Xustiza, grazas ao convenio asinado polo CGAE con este último.

O ICA de Santiago adheriuse a este convenio co fin de poñer á disposición de todos os seus Colexiados e Colexiadas esta nova aplicación web e así facilitar o labor da avogacía á hora de tramitar os expedientes de nacionalidade por residencia dos seus clientes.

Como activar este servizo

Os Colexiados que desexen facer uso deste servizo, deberán en primeiro lugar adherirse a el dentro da aplicación, a través dos seguintes pasos:

- Acceder á aplicación dende a páxina web do CGAE
- Ir a “Servizos” > “Expediente de Nacionalidad” (acceso con sinatura dixital ACA)
- Ir a “Mis adhesiones” e cubrir o formulario de adhesión (que deberá asinarse dixitalmente) e darlle a “enviar”.

Funcionamento do servizo

- 1) O Colexiado/a cobre o expediente (podendo entrar e saír da aplicación tantas veces necesite, xa que os cambios vanse gardando na plataforma). Unha vez cuberto e achegada toda a documentación requirida do expediente, deberá premer no botón de “enviar” (ao Colexio).
- 2) O expediente chegará ao Colexio para despois, baixo cita previa, cotexar a documentación achegada na plataforma de forma presencial cos documentos orixinais. Deberase concertar unha cita co Colexio para cotexar a documentación.

Nesta fase poderase solicitar a emenda ao Colexiado/a se algún documento tivese algún tipo de incidencia. Se todo está correcto, o Colexio enviará o expediente ao Ministerio de Xustiza dende a mesma aplicación.
- 3) Unha vez remitido ao Ministerio, o expediente xa non permite realizar modificacións. O Colexiado/a obterá un xustificante da presentación dende a plataforma.
- 4) Calquera comunicación posterior do Ministerio sobre o expediente presentado, realizarase directamente dende este organismo co Colexiado/a.
Cabe destacar que o Colexio actúa como intermediario ante o Ministerio, polo que deben os expedientes deben enviarse completos e verificados.



2. COLABOWEB: PROGRAMA DE XESTIÓN COLEXIAL E DA QUENDA DE OFICIO

Dende o pasado 1 de xullo, o ICA de Santiago substituíu o programa de xestión colexial co que viña operando (SIGA-CGAE) polo COLABO, programa desenvolvido pola empresa galega Marka Informática (con sede en Vigo) e que está mantendo este servizo cos demais colexios da avogacía de Galicia. Nestes meses estanse acometendo os traballos de traspaso da información e datos dun programa ao outro, o que supón unha tarefa moi laboriosa e complexa, sobre todo no módulo da quenda de oficio debido ao elevado número de datos que contén.

Segundo a previsión que temos, durante a primeira quincena do mes de outubro agardamos que este novo programa (Colaboweb) xa estea plenamente implantado e operativo para que os colexiados/as poidan acceder dende os despachos á súa ficha colexial e consultar todo o relativo ás actuacións da quenda de oficio, facturación etc.

A partir deste novo programa, os colexiados/as poderán modificar directamente os seus datos profesionais, descargar certificacións de colexiación, pases de prisión e, como principal novidade, xestionar as actuacións e as declaracións trimestrais da quenda de oficio.

Unha vez que poñamos en marcha este programa (1ª quincena de outubro), ofreceranse unha xornadas prácticas para explicar o seu funcionamento.

3. CATASTRO: PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL

Informámosvos de que se están mantendo negociacións co Catastro de cara a incrementar as funcións e os servizos que ofrecemos dende o punto de información catastral (PIC) do colexio. Ata o momento, o noso PIC só pode emitir certificacións catastrais de titulares vivos, polo que estamos tratando de que nun novo convenio se habilite o ICA Santiago para que poida emitir todo tipo de certificacións e realizar calquera outro tipo de xestións, sen necesidade de desprazarse ás oficinas do Catastro na Coruña.

4. SISTEMA DE COMUNICACIÓN POR VIDEOCONFERENCIA ENTRE O ICA DE SANTIAGO E OS CENTROS PENITENCIARIOS

O ICA de Santiago adheriuse ao convenio subscrito entre a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias e o CGAE para a implantación dun sistema de videoconferencia que lles permita aos colexiados/as realizar entrevistas cos seus clientes internados en centros penitenciarios sen necesidade de desprazarse.

As videoconferencias realizaranse dende a sala habilitada no colexio a través do sistema de videoconferencia instalado.

A posta en funcionamento deste servizo só está pendente de que dende a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias se aprobe un regulamento ou protocolo de actuación e nos remitan as listas dos centros que dispoñan de salas habilitadas.